

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**5633** *Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

I

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, ditada para traspoñer a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, modificou, entre outras leis, a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, substituíndo a autorización administrativa previa para exercer a actividade de operador por xunto por unha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos establecidos para o exercicio da súa actividade e unha comunicación de inicio de actividade.

Sen prexuízo de manter a declaración responsable como forma de iniciar a actividade, considérase oportuno como forma de asegurar a existencia dunha capacidade económica por parte dos operadores por xunto, e como forma de comprobala, que xunto coa declaración responsable se presente o xustificante de ter constituído unha garantía ante a caixa xeral de depósitos, que poderá ser executada en caso de incumprimento da súa actividade e nos supostos de fraude. Esta medida revelouose necesaria ante os frecuentes incumprimentos que derivaron en consecuencias non só de índole económica, senón en materia de competencia e de observancia das normas tributarias. Este requisito será exixido unicamente a novos operadores, sen prexuízo da obriga dos existentes de cumpriren os requisitos de capacidade técnica e económica vixentes. Así mesmo, introdúcese co mesmo obxectivo a posibilidade de inhabilitar temporalmente os operadores de produtos petrolíferos para actuar como tales durante a instrución dos expedientes sancionadores relativos, entre outros, á fraude fiscal.

Adicionalmente, no ámbito dos hidrocarburos líquidos inclúense novos tipos de infraccións administrativas e catalóganse como faltas graves os incumprimentos dalgunhas das medidas a prol da competencia introducidas na Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Así mesmo, establécese que a información enviada en cumprimento da Orde ITC/2308/2007, do 25 de xullo, pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio sobre as actividades de subministración de produtos petrolíferos, se incorpore ao Rexistro de Instalacións de Distribución establecido no artigo 44 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

## II

No que respecta aos gases licuados do petróleo (GLP), a aprobación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, xunto coas subseguintes modificacións realizadas, supuxo un cambio de modelo respecto á regulación aplicada ata ese momento, contida no vixente Real decreto 1085/1992, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da actividade de distribución de gases licuados do petróleo.

Algún dos aspectos recollidos no citado real decreto da referida actividade, que necesariamente se deben regular mediante rango de lei debido a posteriores modificacións normativas que así o exixen, xunto coa evolución seguida polo sector nos últimos anos, fan aconsellable modificar a Lei de hidrocarburos en varios aspectos.

Neste contexto, a principal modificación recollida nesta lei refírese á subministración do GLP canalizado. Defínese de forma explícita esta subministración, incluída dentro da modalidade de subministración a granel, e establécese que o previsto para a subministración de gases combustibles por canalización sexa de aplicación á subministración do GLP a granel canalizado, mentres non se produza un desenvolvemento regulamentario ao respecto.

No que respecta aos suxeitos que realizan actividades relacionadas coa subministración de GLP, inclúese unha habilitación para regular, por vía regulamentaria, as obrigas e os dereitos que deben considerar.

Por outra parte, para exercer a actividade de operador por xunto de GLP e de comercializador polo miúdo de GLP a granel, establécese con esta modificación que estes deberán constituír e manter actualizado un seguro de responsabilidade civil ou outras garantías financeiras en contía suficiente para cubrir os riscos das actividades exercidas. Esta obriga xa viña determinada a nivel regulamentario, pero froito da regulación desta materia pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, e posteriormente pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, débese establecer esta obriga nunha norma con rango de lei.

Igualmente, inclúese que ambos os suxeitos antes referidos teñen que comunicar, non só calquera feito que supoña unha modificación dalgún dos datos incluídos na correspondente declaración responsable que teñen que presentar para o inicio da actividade, senón tamén, se for o caso, o cesamento da actividade. Así mesmo, especifícase que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia debe eliminar da correspondente listaxe de operadores por xunto de GLP e de comercializadores polo miúdo de GLP a granel aqueles que comuniquen o dito cesamento da actividade.

Ademais, actualízase a obriga de subministración do comercializador polo miúdo de GLP a granel. O Real decreto 1085/1992, do 11 de setembro, recolle que as empresas subministradoras de GLP a granel deben efectuar a subministración deste e a súa ampliación a todo abonado que o solicite, sempre que o lugar onde se deba efectuar a entrega do gas estea abranguido no ámbito xeográfico da autorización outorgada. Coa substitución da autorización para realizar a actividade pola comunicación de inicio da actividade, xunto coa correspondente declaración responsable de que se cumpren os requisitos regulados para o seu exercicio, esta obriga quedou sen contido. Por isto, inclúese que os comercializadores polo miúdo de GLP a granel teñen a obriga de subministrarlles GLP a todos os consumidores que, dentro da provincia en que estea actuando o comercializador, o soliciten.

Por outra banda, inclúe que os operadores por xunto de GLP deben exixir, a calquera comercializador polo miúdo de GLP e aos titulares de todas as instalacións ás cales subministren, a documentación acreditativa de que as súas instalacións cumpren a normativa vixente. Agora está limitado aos comercializadores polo miúdo de GLP envasado e aos titulares das instalacións de GLP a granel, o que supón unha restrición contra a seguridade das instalacións.

Finalmente, inclúese unha nova infracción moi grave relativa á obriga de subministración domiciliar de GLP envasado e modifícase a infracción relativa á negativa

a subministraren gases por canalización a consumidores en réxime de tarifa e prezos regulados, para facela extensiva ao GLP envasado e ao GLP canalizado.

### III

No mercado grosista de gas natural pódense distinguir dous submercados: o mercado primario e o mercado secundario.

O mercado primario inclúe as transaccións entre produtores de gas pola parte da oferta, e os axentes importadores ou aprovisionadores de gas pola parte da demanda. No caso de países non produtores, como España, estas transaccións realízanse fóra do seu sistema gasista.

O mercado secundario abrangue todas as transaccións que teñen lugar no ámbito do sistema gasista entre importadores de gas en orixe e outros comercializadores. Este mercado ten unha clara dimensión nacional posto que, pola súa propia natureza, comprende os contratos de revenda dos importadores a outros comercializadores e as transaccións que os comercializadores realizan entre eles para axustar as súas posicións de venda de cara ás súas necesidades de subministración aos consumidores finais.

No sistema gasista español non existe un mercado secundario organizado. Existe un mercado onde as transaccións que se realizan responden a mecanismos de negociación bilateral entre os comercializadores e o seu resultado non se reflicte nun prezo de referencia do gas no mercado español.

Mediante a presente lei constitúese un mercado grosista organizado e désígnase o operador do mercado organizado de gas. Este mercado, cando estea completamente desenvolvido, reflectirá un sinal de prezos transparente, facilitará a entrada de novos comercializadores dinamizadores do mercado e, por tanto, incrementará a competencia no sector.

A regulación que se inclúe na presente lei pretende a integración no mercado organizado de gas da actividade desenvolvida en toda a península Ibérica, tanto a parte española como a portuguesa. Para tal fin establécense as bases para a constitución do mercado organizado de gas arredor da empresa promovida polo titular do mercado eléctrico e cunha repartición accionarial que permita a pluralidade de axentes nel así como, de ser o caso, de investidores financeiros. As limitacións accionariais que se fixan pretenden evitar que se produza unha influencia significativa na xestión da empresa que afecte o servizo que se lle encomenda. Ademais, as normas que poden afectar as entidades portuguesas quedan pendentes, na súa aplicación, da debida implementación dunha regulación semellante no país veciño conforme o principio de reciprocidade ou dun eventual acordo ou convenio internacional.

No sector do gas natural adóptanse, así mesmo, algunhas medidas en relación coas existencias mínimas de seguridade que, sen menoscabar a seguridade de subministración, dotan os comercializadores dunha maior flexibilidade e menor custo. Neste sentido, habilítase o Goberno para distinguir, dentro das existencias mínimas de seguridade, entre existencias de carácter estratéxico e existencias de carácter operativo.

Ademais, habilítase a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (CORES) para constituír, manter e xestionar existencias de carácter estratéxico de gas natural e de gas natural licuado (GNL), e facilitar a novos axentes ou a aqueles que así o consideren o cumprimento das obrigas establecidas en relación coa seguridade de subministración.

En relación co título V da Lei 34/1998, do 7 de outubro, inclúese unha modificación co fin de detallar as afeccións a predios particulares derivadas da construción de instalacións gasistas e de oleodutos, que actualmente non se encontran recollidas en ningunha norma, pero que son necesarias para salvaguardar a seguridade destas instalacións.

Outra das medidas que se adopta nesta lei é ampliar a calquera das empresas instaladoras de gas natural habilitadas a realización das inspeccións das instalacións receptoras de gas natural. Actualmente, unicamente se pode facer a través dos distribuidores.

Por último, realízase unha revisión da tipificación de infraccións e introdúcense novos tipos, ao se ter identificado determinadas condutas que non foran recollidas na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e especificanse así mesmo os tipos para cuxo procedemento de infracción pode resultar competente a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

#### IV

Os xacementos de hidrocarburos existentes no subsolo español teñen a consideración de bens de dominio público cuxo aproveitamento se pode asignar a persoas físicas ou xurídicas privadas conforme un título administrativo concesional. A investigación e a explotación destes xacementos é unha actividade suxeita a un elevado nivel de risco comercial dada a incerteza asociada á busca de xacementos comercialmente explotables, pero tamén poden xerar unhas rendibilidades por riba da media doutros sectores industriais.

Por este motivo, a presente lei introduce unha serie de disposicións tanto tributarias e non tributarias co obxecto de harmonizar o risco e a rendibilidade antes mencionados co interese xeral das actividades de investigación e explotación de xacementos de hidrocarburos, de modo que as rendas económicas derivadas do descubrimento de novos xacementos de hidrocarburos revertan tamén no conxunto da sociedade. Así, tomando en consideración principios impositivos básicos como son a xustiza e a eficiencia, considérase necesario e equitativo para o resto da sociedade o establecemento do imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados como instrumento que persegue que parte da «riqueza derivada do aproveitamento dos bens de dominio público» reverta á sociedade, á cal en virtude da Constitución e da lei lle pertencen estes bens.

Neste sentido, regúlase o imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados, de carácter directo e natureza real, que grava o valor dos produtos do dominio público gas, petróleo e condensados extraídos en territorio español. Establécese unha escala de gravame progresiva en función do volume de produción, que ademais ten en consideración a influencia de certas características técnicas dos proxectos con influencia na súa rendibilidade económica, tales como a súa localización concreta ou a tecnoloxía aplicada.

Por outra parte, modifícase o canon de superficie relativo ao citado dominio público establecido no artigo 2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, actualmente regulado na disposición adicional primeira, para adecuar a súa estrutura á da regulación de calquera tributo e ordenar as súas tarifas, que pasan a ser catro. Introdúcese a tarifa terceira por localización de sondaxes nos permisos de investigación e nas concesións de explotación e a cuarta pola adquisición de datos sísmicos en autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación, mantéñense os importes para as xa existentes e fíxanse as contías das dúas novas tarifas. Por conseguinte, derrógase de forma expresa a citada disposición adicional.

As actividades de exploración, investigación e explotación de hidrocarburos contribúen á riqueza do conxunto da sociedade mellorando a seguridade das subministracións enerxéticas, creando riqueza mediante a xeración de actividade económica e pagamento de impostos, e garanten a sustentabilidade ambiental mediante a aplicación duns estritos estándares de protección ambiental. A presente lei reforza os principios anteriores mediante a introdución da obriga dun compromiso social coas comunidades locais nas cales se desenvolven tales actividades, que permita un equilibrio adecuado entre a produción de hidrocarburos e as necesidades de tales comunidades.

Finalmente e en relación cos rendementos derivados das figuras tributarias anteriores, deberanse adoptar os criterios oportunos para que estes revertan con especial intensidade nas comunidades autónomas e nos municipios onde se sitúen tales actividades, de modo que se axusten de maneira máis equitativa as esferas dos beneficios públicos nacionais e os rexionais que orixina a produción de hidrocarburos. Desta maneira establécese, logo da correspondente dotación orzamentaria, incentivos para as comunidades autónomas e entidades locais en que se desenvolvan actividades de exploración, investigación e

explotación de hidrocarburos. Así se desenvolverá un sistema de subvencións que se adxudicarán para paliar os efectos que as citadas actividades poidan producir nos territorios que as soporten de modo directo e próximo.

Así mesmo, os titulares de concesións de explotación de xacementos deberán compartir os ingresos obtidos pola venda dos hidrocarburos cos propietarios dos terreos supraxacentes ás formacións xeolóxicas que alberguen tales hidrocarburos. Estes pagamentos, que se establecen nunha porcentaxe do 1 por cento de tales vendas, permitirán aos propietarios de terreos máis próximos a obtención dunhas rendas económicas, sen prexuízo de que tales titulares poidan dispoñer dos terreos conforme os negocios xurídicos privados que poidan celebrar, dos terreos nos cales se instalen os equipamentos e instalacións que, se for o caso, poidan resultar necesarios para a extracción dos hidrocarburos descubertos.

## TÍTULO I

### Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos

**Artigo 1.** *Modificación do título II da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O título II da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificado como segue:

Un. Incorpórase un novo artigo 35 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 35 bis. *Réxime do silencio administrativo e das notificacións.*

1. Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado que versen sobre materias reguladas no presente título, o vencemento do prazo máximo sen que lles fose notificada a resolución expresa que lle poña termo lexitimaré o interesado ou interesados que deducisen a solicitude ou presentasen ofertas para entendelas desestimadas por silencio administrativo, salvo os plans a que se refiren os artigos 22.1 e 25.3 desta lei.

2. Nos ditos procedementos, só será necesaria a notificación persoal dos actos e resolucións administrativas que se poidan adoptar aos propios solicitantes, a aqueles que presentasen ofertas en competencia e, de ser o caso, ao operador ou titulares dos permisos, autorizacións ou concesións. Estes actos e resolucións serán, ademais, obxecto de publicación coas formalidades previstas no artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, cuxa publicación substituirá a notificación en relación con calquera outro interesado.»

Dous. Modifícase o artigo 36, que queda redactado como segue:

«O disposto no presente capítulo enténdese sen prexuízo do establecido na lexislación reitora do procedemento administrativo común e nas disposicións administrativas que a desenvolven. Non obstante, as previsións que sobre réxime do silencio administrativo e de notificacións se conteñen no artigo 35 bis terán, en todo caso, aplicación preferente, e nestes aspectos a citada lexislación será unicamente de aplicación supletoria.»

**Artigo 2.** *Modificación do título III da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O título III da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificado como segue:

Un. O artigo 41.1 b) pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Presentarlle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a metodoloxía de tarifas aplicada incluíndo os distintos tipos de descontos aplicables, o sistema de acceso de terceiros ás súas instalacións e o plan anual de investimentos, que será publicada na forma que determine mediante circular a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá facer recomendacións á dita metodoloxía de tarifas. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia emitirá un informe anual ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo coas súas observacións e recomendacións sobre estas metodoloxías, así como o grao de cumprimento das súas recomendacións de exercicios anteriores.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 42, o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 42 e engádese un novo número 3 ao citado artigo, que quedan redactados como segue:

«1. Serán operadores por xunto aqueles suxeitos que comercialicen produtos petrolíferos para a súa posterior distribución polo miúdo. En todo caso terán tal consideración os titulares de refinarías e plantas de produción de biocombustibles.

2. Poderán actuar como operadores por xunto exclusivamente aquelas sociedades mercantís que cumpran as condicións para a realización da actividade que se establezan regulamentariamente, entre as cales se incluírá a suficiente capacidade técnica do solicitante e estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.

(...)

3. En caso de que un operador por xunto de produtos petrolíferos incumpra algún dos requisitos exixidos para o exercicio da súa actividade, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá, logo da tramitación dun procedemento en que se garanta a audiencia do interesado, declarar a extinción da habilitación para actuar como operador por xunto de produtos petrolíferos.

No marco do citado procedemento e en atención ás circunstancias que en cada caso concorran, poderanse adoptar as medidas provisionais que sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución, incluíndo a inhabilitación temporal da capacidade para actuar como operador por xunto de produtos petrolíferos.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 43 e engádese un novo número 5, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 43. *Distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.*

1. A actividade de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos abranguerá, polo menos, unha das actividades seguintes:

- a) A subministración de combustibles e carburantes a vehículos en instalacións habilitadas para o efecto.
- b) A subministración a instalacións fixas para consumo na propia instalación.
- c) A subministración de queroseno con destino á aviación.
- d) A subministración de combustibles a embarcacións.
- e) Calquera outra subministración que teña por finalidade o consumo destes produtos.

Sempre e cando realicen algunha das actividades anteriores, os distribuidores poderán subministrar a outros distribuidores polo miúdo de produtos petrolíferos. Neste caso deberanse inscribir previamente no Rexistro dos Impostos Especiais, de acordo co disposto no número 7 do artigo 18 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e na súa normativa de desenvolvemento.»

«5. Os titulares das instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos que non pertencen á rede de distribución dun operador grosista poderán

informar da orixe do combustible que comercializan publicitando o operador grosista ao cal lle adquiren o combustible.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 43 bis, que pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Os operadores por xunto comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a subscripción deste tipo de contratos, incluíndo a data da súa finalización, a cal será publicada na web oficial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitar en todo momento unha copia destes contratos.»

Cinco. Os números 1 e 3 do artigo 44 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As comunidades autónomas constituirán un rexistro de instalacións de distribución polo miúdo, no cal deberán estar todas aquelas instalacións que desenvolvan esta actividade no seu ámbito territorial, logo de acreditación do cumprimento polas ditas instalacións dos requisitos legais e regulamentarios que resulten exixibles, así como os proxectos de apertura de novas estacións de servizo e o seu estado de tramitación.»

«3. As comunidades autónomas incorporarán ao Rexistro do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no prazo máximo dun mes desde a data de inscrición, alta, baixa, modificación ou proxecto de apertura, os datos referentes a estes aspectos coas súas correspondentes datas, a descrición detallada da instalación a que se refiran, incluíndo a súa capacidade de almacenamento, os datos relativos da súa localización e o seu titular, en relación con:

- a) Instalacións habilitadas para a subministración de combustibles e carburantes a vehículos.
- b) Instalacións de subministración a instalacións fixas para consumo na propia instalación.
- c) Instalacións de subministración de queroseno con destino á aviación.
- d) Instalacións de subministración de combustibles a embarcacións.
- e) Proxectos de apertura de novas instalacións habilitadas para a subministración de combustibles e carburantes a vehículos e estado de tramitación.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá, en colaboración coas comunidades autónomas, a forma de incorporación da información á base de datos e as condicións e a forma de acceso á información.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 44 bis e inclúese un novo número 6 nese mesmo artigo, que pasan a ter as seguintes redaccións:

«3. Os GLP poderán ser subministrados nas modalidades de envasado e a granel. Esta última modalidade inclúe a distribución e/ou subministración de GLP por canalización, entendida esta como a distribución e a subministración de GLP desde un ou varios depósitos por canalización a máis dun punto de subministración, cuxa entrega ao cliente sexa realizada en fase gasosa, e cuxo consumo sexa medido por contador para cada un dos consumidores.»

(...)

«6. Regulamentariamente estableceranse os dereitos e as obrigas dos suxeitos que realizan actividades relacionadas coa subministración de gases licuados do petróleo.»

Sete. O artigo 45 pasa a titularse «Operadores por xunto de GLP» e modifícanse os parágrafos cuarto e quinto do seu número 2 e os números 4 e 5, e inclúese un novo número 6, que quedan redactados como segue:

«2. (...)

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento da actividade, deberá ser comunicado polo interesado no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará na súa páxina web unha listaxe dos operadores por xunto de GLP, que incluírá aquelas sociedades que lle comunicasen ao Ministerio o exercicio desta actividade e eliminará aquelas que cesasen a súa actividade.»

(...)

«4. Os operadores por xunto deberán exixir aos comercializadores polo miúdo de GLP e aos titulares das instalacións de GLP ou, se é o caso, aos usuarios aos cales subministren, a documentación acreditativa de que as súas instalacións cumpren as condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente resulten exixibles.

5. As actividades a que se refire este artigo, sen prexuízo do disposto no artigo 6 da presente lei, poderán ser realizadas libremente e non será necesaria a comunicación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo cando teñan por obxecto os envases con capacidade non superior a 8 litros.

6. Os operadores por xunto de GLP deberán constituír e manter actualizado un seguro de responsabilidade civil ou outras garantías financeiras con obxecto de cubrir os riscos que, para persoas e/ou bens, poidan derivar das actividades exercidas e en contía suficiente co fin de responder polos posibles danos causados.»

Oito. No artigo 46 modifícanse os parágrafos cuarto e quinto do número 2 e engádense os números 5 e 6, que quedan redactados como segue:

«2. (...)

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento da actividade, deberá ser comunicado polo interesado no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia publicará na súa páxina web unha listaxe dos comercializadores polo miúdo de gases licuados do petróleo, que incluírá aquelas sociedades que lle comunicasen ao Ministerio o exercicio desta actividade e eliminará aquelas que cesasen nela.»

(...)

«5. Os comercializadores polo miúdo de GLP a granel deberán efectuar a subministración a todo petionario deste, sempre que o lugar onde se deba efectuar a entrega do gas estea comprendido na provincia de actuación do comercializador. Os prazos de entrega do GLP a granel rexeranse polas estipulacións contractuais entre subministrador e usuario.

Os comercializadores polo miúdo de GLP a granel por canalización deberán efectuar a subministración a todo petionario deste, sempre que o lugar onde se deba efectuar a entrega estea cuberto pola rede de canalización de titularidade do comercializador.

6. Os comercializadores polo miúdo de GLP a granel deberán constituír e manter actualizado un seguro de responsabilidade civil ou outras garantías financeiras con obxecto de cubrir os riscos que, para persoas e/ou bens, poidan derivar das actividades exercidas e en contía suficiente co fin de responder polos posibles danos causados.»

Nove. Modifícanse os números 1, 6 e 9 do artigo 52, que pasan a ter a seguinte redacción:

«1. A Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, na súa calidade de entidade central de almacenamento, terá por obxecto a adquisición, constitución, mantemento e xestión das reservas de hidrocarburos, incluídas as de gas natural na forma e pola contía que se determine regulamentariamente, o control



do mantemento das existencias mínimas de seguridade previstas nesta lei, así como a obriga de diversificación de subministracións de gas natural.»

(...)

«6. Para asegurar o cumprimento das súas obrigas a Corporación poderá adquirir e arrendar crús e produtos petrolíferos, gas natural e gas natural licuado e concertar contratos cos límites e condicións que se determinen regulamentariamente. As reservas que estean á súa plena disposición en virtude de contratos de arrendamento non poderán ser cedidas ou arrendadas a terceiros.

Así mesmo, terá acceso ás instalacións de regasificación, transporte e almacenamento de gas natural e ao mercado organizado de gas nos termos establecidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento para os outros suxeitos que actúan no mercado.

Toda disposición de existencias estratéxicas por parte da Corporación requirirá a autorización previa do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e deberá realizarse a un prezo igual ao custo medio ponderado de adquisición ou ao de mercado, se for superior, salvo as excepcións determinadas regulamentariamente. Así mesmo, a Corporación contabilizará as súas existencias ao custo medio ponderado de adquisición desde a súa creación.»

(...)

«9. Regulamentariamente o Goberno desenvolverá as funcións da Corporación e establecerá a súa organización e o seu réxime de funcionamento. Nos seus órganos de administración estarán suficientemente representados os operadores por xunto a que se refiren os artigos 42 e 45 da presente lei e os comercializadores de gas natural regulados no artigo 58 desta lei, así como representantes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que deberán ser designados entre empregados públicos con experiencia acreditada no sector enerxético.

Os representantes dos suxeitos obrigados indicados no punto anterior serán membros da Corporación, formarán parte da súa asemblea e o seu voto nela graduarase en función do volume da súa achega financeira anual.

O presidente da Corporación e a parte de vogais do seu órgano de administración que regulamentariamente se determine serán designados polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo. O titular do dito departamento poderá impoñer o seu veto a aqueles acordos da Corporación que infrinxan o disposto na presente lei e nas disposicións de desenvolvemento.»

**Artigo 3.** *Modificación do título IV da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O título IV da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificado como segue:

Un. Suprímese o último parágrafo do número 1 do artigo 54.

Dous. Modifícase a alínea f) do artigo 58 e engádese unha nova alínea g) coa seguinte redacción:

«f) A Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, que será a entidade que ten por obxecto a constitución, mantemento e xestión das existencias de carácter estratéxico de gas natural na parte que se determine regulamentariamente.

g) O operador do mercado organizado de gas, de acordo co establecido no artigo 65 ter desta lei e coas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Tres. Engádese unha nova alínea e) ao número 1 do artigo 61 coa seguinte redacción:

«e) A Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos para a súa función de constitución, mantemento e xestión das existencias de carácter estratéxico de gas natural.»

Catro. Engádense catro novas alíneas s), t), u) e v) ao número 3 do artigo 64, do seguinte teor:

«s) Proporcionar á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos a información que esta poida requirir para o exercicio da súa función de mantemento das existencias de carácter estratéxico de gas natural.

t) Realizar en coordinación co operador do mercado organizado de gas as funcións que regulamentariamente se lle asignen para garantir o correcto funcionamento do dito mercado.

u) Asumir as funcións previstas para o xestor de rede de transporte, incluída a realización de accións de balance, no Regulamento (UE) n.º 312/2014 da Comisión, do 26 de marzo de 2014, polo que se establece o código de rede sobre o balance do gas nas redes de transporte.

v) Adquirir ou vender, no mercado organizado de gas a que fai referencia o artigo 65 bis da presente lei, o gas necesario para o exercicio das súas funcións e en particular, as adquisicións e vendas de gas para manter o sistema en operacións de balance de acordo coa normativa aplicable.»

Cinco. O capítulo III do título IV pasa a denominarse «Xestión técnica do sistema de gas natural e mercado organizado de gas» e engádese un novo artigo 65 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 65 bis. *Mercado organizado de gas.*

1. Para os efectos desta lei enténdese por mercado organizado de gas o integrado por transaccións de compra e venda de gas natural no punto virtual de balance do sistema de transporte e distribución, mediante a contratación a curto prazo con entrega física de gas. A contratación a curto prazo incluirá, polo menos, produtos cun horizonte de entrega ata o último día do mes seguinte.

O mercado organizado integrará, así mesmo, as transaccións de compra e venda de gas ou outras transaccións que regulamentariamente se determinen.

A contratación no mercado organizado realizarase de forma anónima, libre e voluntaria, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Reglamentariamente o Goberno establecerá os suxeitos que poderán actuar neste mercado, as condicións baixo as cales poderán facelo, as características dos produtos que se van negociar, o punto virtual de balance do sistema de transporte e distribución e a información que se deberá comunicar ao operador do mercado e ao xestor técnico do sistema, para os efectos de asegurar o correcto funcionamento do sistema gasista.

Este mercado constitúese como «Plataforma de comercio», segundo se define no artigo 10 do Regulamento (UE) da Comisión n.º 312/2014, do 26 de marzo de 2014, polo que se establece un código de rede sobre o balance de gas nas redes de transporte.

2. En todo caso, poderán actuar no mercado organizado de gas os seguintes suxeitos:

a) O operador do mercado organizado de gas, que será a sociedade responsable da xestión do sistema de ofertas de compra e venda de gas no mercado organizado de gas natural.

- b) Os comercializadores e consumidores directos en mercado, que poderán participar a través da presentación de ofertas de compra e de venda de gas.
- c) O xestor técnico do sistema.
- d) Os transportistas e distribuidores.
- e) A Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.
- f) Calquera outro suxeito que realice operacións de compravenda de gas co resto dos participantes do mercado sen acceder a instalacións de terceiros.

Neste caso, o balance do dito suxeito ao final do período de balance deberá ser igual a cero. Estes suxeitos non necesitarán ter categoría de comercializador sempre que cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan para a participación no mercado. Os ditos axentes limitarán toda a súa actividade á compravenda de gas ao resto dos participantes do mercado.

O gas de que os ditos axentes sexan titulares só poderá ser utilizado para o obxecto da compravenda mencionada e en ningún caso poderá ser obxecto de cesión ou arrendamento con comercializadores para o cumprimento das obrigas de mantemento de existencias de seguridade.»

Seis. Engádesse un novo artigo 65 ter, redactado como segue:

«Artigo 65 ter. *Operador do mercado organizado de gas.*

1. O operador do mercado organizado de gas asume a xestión do sistema de ofertas de compra e venda de gas natural no mercado de gas natural nos termos e coas funcións que regulamentariamente se establezan.

En calquera caso, serán funcións do operador do mercado:

- a) A recepción das ofertas de venda e adquisición emitidas polos distintos suxeitos que participan no mercado organizado. O operador do mercado publicará na plataforma de contratación do mercado os prezos e o volume das ofertas de venda e adquisición, de forma anónima.
- b) A recepción das garantías que, de ser o caso, procedan. A xestión destas garantías poderá realizala directamente ou a través de terceiros autorizados.
- c) A casación e determinación dos prezos dos diferentes produtos resultantes das casacións no mercado organizado.
- d) A comunicación aos interesados dos resultados da casación das ofertas.
- e) A publicación dos prezos e volumes negociados de cada un dos produtos.
- f) A liquidación e comunicación dos pagamentos e cobramentos, directamente ou a través dun terceiro.
- g) De conformidade coa normativa aplicable, a comunicación ao xestor técnico do sistema das operacións realizadas polos distintos suxeitos que participan no mercado organizado.
- h) Informar publicamente sobre a evolución do mercado coa periodicidade que se determine.
- i) Realizar calquera outra función que regulamentariamente lle sexa atribuída.

O operador do mercado exercerá as súas funcións no sistema gasista español, respectando os principios de transparencia, obxectividade, non discriminación e independencia.

2. Actuará como operador do mercado organizado de gas unha sociedade mercantil de cuxo accionariado poderá formar parte calquera persoa física ou xurídica.

A suma das participacións directas no capital desta sociedade do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, Polo Español, S.A., e, se for o caso, do Operador do Mercado Ibérico (Portugal), SGPS, S.A. será igual ao 30 por cento. O peso relativo da participación das ditas sociedades no operador do mercado organizado de gas será de 2/3 e 1/3 respectivamente.

No caso dos xestores técnicos dos sistemas gasistas español e portugués, a suma das participacións directas no capital desta sociedade será do 20 por cento. O peso relativo da participación de ambas as sociedades no operador do mercado organizado de gas será de 2/3 e 1/3 respectivamente.

No caso dos suxeitos que realicen actividades no sector enerxético, a suma das participacións directa ou indirecta no capital desta sociedade non poderá superar o 3 por cento. Así mesmo, a suma de participacións destes suxeitos non poderá superar o 30 por cento; estas accións non se poderán syndicar para ningún efecto.

No caso do resto dos suxeitos que participen na sociedade, a súa participación directa ou indirecta verase limitada a un máximo do 5 por cento de forma que non teña un impacto relevante ou unha influencia significativa no desenvolvemento das actividades da sociedade.

No caso de que algunha persoa física ou xurídica puxer de manifesto á sociedade mercantil que actúa como operador do mercado a súa vontade de participar no capital da dita sociedade, a petición elevarase á xunta xeral de accionistas xunto coa acreditación do solicitante de realizar ou non actividades no sector do gas natural.

A xunta xeral deberá aceptar a solicitude presentada por unha cifra máxima de participación equivalente á media das participacións existentes no tipo de accionista que deba corresponder ao petionario, e que se fará efectiva a través dalgún ou algúns dos seguintes procedementos:

a) A vontade de venda pola sociedade ou por algún dos seus accionistas das correspondentes accións manifestada na xunta xeral.

b) A ampliación de capital da sociedade mediante a emisión de novas accións sempre que se respecte o límite do 30 por cento que pode ser subscrito por suxeitos que realicen actividades no sector enerxético.

Cando os solicitantes de participación no capital do operador do mercado organizado de gas realicen actividades no sector enerxético, co fin de respectar a porcentaxe mencionada, poderase acordar unha ampliación de capital superior á necesaria, sempre que calquera dos accionistas que non exerzan actividades gasistas manifeste na xunta xeral a vontade de subscrición desas accións.

En todo caso, exclúese o dereito de subscrición preferente dos accionistas sobre as accións que se emitan para atender as novas peticións de participación.

3. A retribución do operador do mercado organizado de gas será asumida por todos os axentes que operen no dito mercado nas condicións que se fixen mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.»

Sete. Engádese un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 70, modifícase o artigo 70.2 e engádese un segundo parágrafo no artigo 70.4, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. (...)

Deberán, así mesmo, permitir a utilización das ditas instalacións á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, no exercicio da súa función de constitución, mantemento e xestión das existencias de carácter estratéxico de gas natural.

2. Regulamentariamente o Goberno establecerá as condicións de acceso de terceiros ás instalacións, as obrigas e os dereitos dos titulares das instalacións relacionadas co acceso de terceiros, así como as dos consumidores directos en mercado, comercializadores, da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos e do xestor técnico do sistema. Así mesmo, definirase o contido mínimo dos contratos e, de ser o caso, regularanse as condicións de funcionamento do mercado secundario de capacidade.»

(...)

«4. (...)

O acceso á rede por parte da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos non se poderá limitar ou denegar e, en todo caso, será preferente respecto do dos outros suxeitos en situacións de emerxencia e en execución das medidas que para estas en cada caso aprobe o Goberno.»

Oito. Engádense dous novos parágrafos ao número 1 do artigo 73 coas seguintes redaccións:

«1. (...)

Así mesmo, terán tamén a consideración de instalacións de distribución as plantas satélites de gas natural licuado que alimenten unha rede de distribución.

Igualmente, terán a consideración de instalacións de distribución as instalacións de conexión entre a rede de transporte e distribución nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen.»

Novo. Modifícase a alínea p) do número 1 do artigo 74, que queda redactada como segue:

«p) Comunicarlles aos usuarios conectados á súa rede, coa periodicidade e nas condicións definidas regulamentariamente, a necesidade de realizar a inspección das instalacións receptoras.

Na dita comunicación informaranse os usuarios da posibilidade de realizar a dita inspección con calquera empresa instaladora de gas natural habilitada.

Se no prazo e na forma en que se determine non existe unha comunicación á empresa distribuidora relativa á realización da inspección por unha empresa instaladora de gas natural habilitada, a empresa distribuidora estará obrigada a realizar a inspección.

Reglamentariamente estableceranse os procedementos e efectos de non ter remitido o correspondente certificado á empresa distribuidora.»

Dez. O número 1 do artigo 80 pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Os comercializadores de gas natural deberán cumprir cos requisitos que se establezan regulamentariamente, entre os cales se incluírá a suficiente capacidade técnica do solicitante. As empresas comercializadoras deberán presentar as garantías que resulten exixibles.

Sempre deberán comunicar á Administración competente e, en todo caso, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que, pola súa vez, llelo comunicará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, o inicio ou cesamento da actividade, xunto coa comunicación dunha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos a que se refire o parágrafo anterior.

Xunto coa referida comunicación de inicio da actividade, os comercializadores de gas natural deberán remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha previsión de vendas para o primeiro ano de actividade, desagregada entre vendas firmes a consumidor final, vendas interrompibles a consumidor final e outro tipo de vendas.

Os comercializadores de gas natural deberán acreditar o cumprimento destes requisitos en caso de que lles sexa requirido pola Administración competente, polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza.

No caso de empresas habilitadas para comercializar gas natural nun país membro da Unión Europea co cal exista un acordo mutuo de recoñecemento de licenzas de comercialización de gas natural, abondará a comunicación de inicio ou

cesamento da actividade, sen prexuízo da constitución das garantías económicas que sexan necesarias na contratación de acceso ás instalacións.»

Once. Engádesse un segundo parágrafo no número 1 do artigo 87 que queda redactado nos seguintes termos:

«1. (...)

As actuacións de inspección deberán concluír nun prazo de doce meses contado desde a data de notificación do seu inicio ao interesado. Entenderase que as actuacións rematan na data en que se notifique a acta en que se documente a súa conclusión e resultado. Regulamentariamente poderán determinarse os supostos de suspensión do prazo indicado.»

Doce. O número 1 do artigo 91 pasa a ter a seguinte redacción:

«1. As actividades destinadas á subministración de combustibles gasosos serán retribuídas economicamente na forma disposta na presente lei con cargo ás tarifas de último recurso, ás peaxes e canons que determine o Goberno, e aos prezos aboados.

Non obstante o anterior, as conexións dos xacementos de gas natural coas instalacións de transporte serán custeadas polo titular da concesión de explotación do xacemento e non se incluírán entre os custos do sistema gasista.»

Trece. Engádesse un segundo parágrafo no artigo 92.5, que queda redactado como segue:

«5. (...)

O Goberno establecerá a estrutura e as condicións de aplicación das peaxes e dos canons de acceso ás instalacións gasistas.»

Catorce. O artigo 98 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 98. *Seguridade de subministración.*

1. Os comercializadores de gas natural estarán obrigados a dispoñer dunhas existencias mínimas de seguridade que virán expresadas en días equivalentes das súas vendas firmes a consumidores finais en territorio español.

Os consumidores directos en mercado estarán obrigados a dispoñer dunhas existencias mínimas de seguridade que virán expresadas en días equivalentes dos seus consumos firmes na parte non subministrada por un comercializador.

2. Esta obriga poderá cumprir o suxeito obrigado con gas da súa propiedade ou arrendando e contratando, se for o caso, os correspondentes servizos de almacenamento. O Goberno determinará, en función das dispoñibilidades do sistema, o número de días equivalentes de existencias mínimas de seguridade.

3. Determinarase regulamentariamente a parte de existencias mínimas de seguridade que terán carácter estratéxico e as que terán carácter operativo, así como a forma en que estas se poderán computar e os suxeitos encargados da súa constitución, mantemento e xestión.

A constitución, o mantemento e a xestión das existencias mínimas de seguridade de carácter estratéxico poderá levarlos a cabo a Corporación a que se refire o artigo 52 nas condicións e proporcións que se establezan regulamentariamente.

As existencias mínimas de seguridade manteranse nos almacenamentos básicos e nas proporcións que regulamentariamente se determinen, sen prexuízo do establecido no artigo 78.4 da presente lei.

4. Habilítase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para establecer a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados en España e, se é o caso, a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos poderán cumprir a súa obriga mediante a constitución de reservas en Estados membros da Unión

Europea. Así mesmo, poderá determinar a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados nos ditos países poderán constituír existencias mínimas de seguridade en territorio español.»

**Artigo 4.** *Modificación do título V da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O título V da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 107.4 e engádesse o número 5 no artigo 107, coas seguintes redaccións:

«4. A afección a predios particulares derivada da construción das instalacións gasistas e dos oleodutos concretarase na seguinte forma:

- a) Expropiación forzosa dos terreos sobre os cales se deben construír as instalacións fixas en superficie.
- b) Para as canalizacións e cable de comunicacións das conducións:

1.º Imposición de servidume permanente de paso, nunha franxa de terreo de ata catro (4) metros, dous a cada lado do eixe, que se concretará na resolución de autorización, ao longo da canalización por onde discorrerá enterrada a tubaxe ou tubaxes que se requiran para a condución. Esta servidume que se establece estará suxeita ás seguintes limitacións de dominio:

i. Prohibición de efectuar traballos de aradura ou similares a unha profundidade superior a cincuenta centímetros, así como de plantar árbores ou arbustos de talo alto, a unha distancia inferior a dous metros, contados desde o eixe da tubaxe ou tubaxes.

ii. Prohibición de realizar calquera tipo de obras, construción, edificación ou de efectuar ningún acto que poida danar ou perturbar o bo funcionamento das instalacións, a unha distancia inferior a dez metros (10 m) do eixe do trazado, a un e outro lado deste. Esta distancia poderase reducir sempre que se solicite expresamente e se cumpran as condicións que, en cada caso, fixe o órgano competente da Administración pública.

iii. Permitir o libre acceso do persoal e equipamentos necesarios para poder vixiar, manter, reparar ou renovar as instalacións con pagamento, se é o caso, dos danos que se ocasionen.

iv. Posibilidade de instalar os fitos de sinalización ou delimitación e os tubos de ventilación, así como de realizar as obras superficiais ou subterráneas que sexan necesarias para a execución ou o funcionamento das instalacións.

2.º Ocupación temporal dos terreos necesarios para a execución das obras da franxa que se reflectirá, para cada predio, nos planos parcelarios de expropiación. Nesta zona farase desaparecer, temporalmente, todo obstáculo e realizaranse as obras necesarias para o tendido e instalación da canalización e elementos anexos, executando os traballos e operacións precisas para os ditos fins.

5. As condicións e limitacións que se deberán impoñer en cada caso por razóns de seguridade poderán ser modificadas de acordo cos regulamentos e normas técnicas que para os efectos se diten.»

**Artigo 5.** *Modificación do título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse as alíneas a), i), k), ab), ad) e engádense novos parágrafos numerados do ae) ao bf) no número 1 do artigo 109, coas seguintes redaccións:

«a) A realización de actividades incluídas no ámbito de aplicación da presente lei ou a construción, ampliación, explotación ou modificación de instalacións afectas a estas sen a necesaria concesión, autorización administrativa, declaración responsable, comunicación ou inscrición no rexistro correspondente cando proceda ou o incumprimento do contido, prescricións e condicións delas cando se poñan en perigo manifesto as persoas ou os bens ou o ambiente.»

(...)

«i) A falta de comunicación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou o incumprimento das condicións ou obrigas establecidas, no suposto da toma de participacións en sociedades, nos termos previstos na disposición adicional novena da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

(...)

«k) A negativa a subministrar gases por canalización ou GLP envasado a consumidores en réxime de tarifa ou prezos regulados conforme os títulos III e IV desta lei e disposicións de desenvolvemento.»

(...)

«ab) O incumprimento por parte do operador do mercado organizado de gas da funcións a que se refiren as alíneas c) e d) do artigo 65 ter.1, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, cando deste feito derive prexuízo para o sistema ou para os demais suxeitos.»

(...)

«ad) O incumprimento da obriga de subministración domiciliar de GLP envasado.

ae) O incumprimento das limitacións que se establezan en canto á participación no accionariado de Enagás, S.A., así como a falta de comunicación definida no artigo 63 bis.2 de calquera circunstancia que poida afectar o cumprimento dos requisitos establecidos para as empresas certificadas como xestores da rede de transporte.

af) O incumprimento reiterado por parte dos suxeitos do sistema das súas obrigas de información ou comunicación a outros suxeitos do sistema, así como a non remisión de forma reiterada da información na forma e prazo que resulte exixible.

ag) A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presente á Administración pública, así como a súa non presentación en forma e prazo, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, sempre que isto supoña un impacto nos custos do sistema que exceda o 5 por cento da retribución regulada anual do suxeito.

ah) A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións inspectoras que fosen acordadas en cada caso pola Administración pública competente, incluída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.

ai) O incumprimento por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente das obrigas de preservar as medidas establecidas en aplicación do previsto no artigo 101 polos que realizan algunha das actividades nela regulada.



aj) O incumprimento por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente das obrigas de preservar e xestionar o acceso á información que teña carácter de confidencial.

ak) O incumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación para ter dereito á percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, a menos que expresamente se tipificase como grave.

al) O incumprimento por parte dos responsables do punto de medida da obriga de dispoñer dos equipamentos de medida e control e demais dispositivos que regulamentariamente se establecesen, de forma que se impida ou altere a correcta medición e facturación, ou cando este incumprimento comporte perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente, así como a negativa ou obstrución ao acceso dos encargados da lectura, verificadores ou organismos autorizados pola Administración pública competente para a realización da lectura ou verificación dos equipamentos.

am) O incumprimento por parte dos obrigados a isto da normativa vixente relativa á instalación dos equipamentos de medida, e demais dispositivos de tratamento da información e comunicación necesarios para o correcto funcionamento do sistema de medidas, así como o incumprimento dos criterios de seguridade e de privacidade que se establezan regulamentariamente.

an) O incumprimento reiterado por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente da realización dos procesos de alta, lectura e tratamento das medidas e intercambios da información, así como da remisión da información ou, se é o caso, a súa posta á disposición aos destinatarios aos cales están obrigados a remitirla nos termos, no prazo e na forma establecidos regulamentariamente.

añ) A inexactitude ou falseamento da información relativa á medida remitida por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente, cando disto derive un incremento significativo dos custos do sistema ou unha minoración significativa dos seus ingresos.

ao) O incumprimento continuado, por parte dos obrigados a isto de conformidade coa normativa vixente, da súa obriga de xestionar as verificacións dos equipamentos de medida.

ap) Calquera manipulación dos equipamentos de medida ou das instalacións ou non dispoñer dos dispositivos necesarios, tendentes a alterar a medición das cantidades subministradas ou consumidas ou de calquera dos conceptos que serven de base para a facturación da enerxía subministrada ou consumida.

aq) A denegación ou alteración inxustificadas do permiso de conexión a un punto da rede. Considerarase que a denegación é inxustificada cando non obedeza ao previsto na presente lei e nas normas de desenvolvemento aprobadas polo Goberno.

ar) O establecemento doutros mecanismos diferentes dos previstos nesta lei e nas normas de desenvolvemento aprobadas polo Goberno para o outorgamento dos permisos de conexión e acceso ou para a priorización no seu outorgamento.

as) O outorgamento de permisos de acceso ou de permisos de conexión cando non se dispoña da capacidade necesaria de acordo coas condicións e criterios establecidos regulamentariamente polo Goberno.

at) O incumprimento das limitacións establecidas en canto á participación no accionariado do operador do mercado organizado de gas previstas no artigo 65 ter.2 da presente lei.

au) O incumprimento por parte das empresas distribuidoras ou transportistas da súa obriga de realizar as acometidas e a conexión de novas subministracións ou ampliación das existentes que se lles propoñan nas zonas en que operan, cando así resulte exixible de conformidade coa normativa de aplicación.

av) O incumprimento por parte das empresas distribuidoras ou das empresas comercializadoras de aplicar as medidas adecuadas de protección ao consumidor,

nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, cando deste feito derive un prexuízo económico para os suxeitos afectados.

aw) O incumprimento, por parte dos distribuidores ou dos comercializadores, dos requisitos de capacidade legal, técnica e económica establecidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

ax) A non formalización dos contratos de subministración e acceso a redes por parte dos suxeitos obrigados a isto de acordo coa normativa en vigor.

ay) Calquera outra actuación na subministración ou consumo de gas natural que supoña unha alteración porcentual da realidade do subministrado ou consumido superior ao 15 por cento e que, ao mesmo tempo, exceda os 300.000 euros.

az) O incumprimento por parte dos distribuidores das obrigas establecidas no exercicio da súa función, a menos que expresamente se tipificase como grave.

ba) O incumprimento por parte dos operadores dominantes das restricións impostas na normativa vixente.

bb) A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou manifestación, de carácter esencial, sobre o cumprimento dos requisitos exixidos sinalados na declaración responsable ou na comunicación achegada polos interesados.

bc) Exercer a actividade de empresa instaladora de gas ou de instalador de gas sen a correspondente autorización administrativa ou carné de instalador de acordo coa normativa vixente, cando supoña un risco para a seguridade das persoas ou bens.

bd) Non instalar ou manipular indebidamente os dispositivos de medición fiscal dos hidrocarburos producidos en concesións de explotación de hidrocarburos.

be) O incumprimento das limitacións e obrigas impostas no artigo 43 bis.1.

bf) O acaparamento e utilización substancialmente inferior da capacidade das instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos que, de acordo co previsto no artigo 41 da presente lei, deban permitir o acceso de terceiros.»

Dous. Suprímese a alínea t), modifícanse e renuméranse as alíneas u) e v) que pasan a ser t) e u), renumérase a alínea w), que pasa a ser v), e engádense novas alíneas da w) á añ) no artigo 110, coas seguintes redaccións:

«t) O incumprimento por parte das empresas distribuidoras e comercializadoras de gas natural das obrigas de mantemento e correcto funcionamento dun servizo de atención ás queixas, reclamacións, incidencias en relación co servizo contratado ou ofertado, solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación e subministración que inclúa un servizo de atención telefónica e número de teléfono, ambos gratuítos, así como das medidas de protección ao consumidor, de acordo co establecido na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

u) O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados dos regulamentos e decisións da Unión Europea que lles sexan de aplicación no sector de hidrocarburos. En particular, calquera infracción por manipulación ou tentativa de manipulación de mercado, uso de información privilexiada ou falta de difusión de información privilexiada, conforme o establecido no Regulamento UE n.º 1227/2001, do 25 de outubro de 2011, sobre a integridade e a transparencia do mercado grosista da enerxía, ou na súa normativa de desenvolvemento, así como calquera infracción por incumprimento do establecido no Regulamento n.º 715/2009, do 13 de xullo de 2009, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural, e na súa normativa de desenvolvemento.»

(...)

«w) O incumprimento por parte do operador do mercado organizado de gas das funcións e obrigas que lle corresponden de acordo co establecido no artigo 65. ter.1 e na súa normativa de desenvolvemento, a menos que expresamente se considerase como moi grave.

x) A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presente á Administración pública, así como a súa non presentación en forma e prazo, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, que supoña un impacto nos custos do sistema que se encontre entre o 1 e o 5 por cento da retribución anual do suxeito.

y) O incumprimento das medidas de seguridade, aínda cando non supoñan perigo manifesto para os bens.

z) O incumprimento por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente da realización dos procesos de alta, lectura e tratamento das medidas e intercambios da información, así como da remisión da información ou, se é o caso, a súa posta á disposición aos destinatarios aos cales están obrigados a remitirla nos termos, no prazo e na forma establecidos regulamentariamente.

aa) O incumprimento, por parte dos obrigados a isto de conformidade coa normativa vixente, da súa obriga de xestionar as verificacións dos equipamentos de medida, cando non fose tipificado como infracción moi grave.

ab) O incumprimento, por parte dos suxeitos obrigados a isto de conformidade coa normativa vixente, dos requisitos relativos á calidade do servizo ou das condicións de calidade e continuidade do servizo.

ac) O atraso inxustificado no comezo da prestación do servizo a novos usuarios.

ad) O incumprimento, por parte dos distribuidores ou comercializadores, das obrigas de manter unha base de datos de todos os puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, de permitir o acceso a este, así como de dotarse dos sistemas informáticos necesarios que permitan a consulta dos datos do rexistro de puntos de subministración e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións cos consumidores e comercializadores de enerxía.

ae) O incumprimento reiterado e inxustificado dos prazos e contidos establecidos para as comunicacións con calquera dos suxeitos que deben intervir no cambio de subministrador ou na realización de modificacións das condicións dos contratos.

af) O incumprimento reiterado por parte dos comercializadores dos requisitos establecidos para a formalización de contratos de subministración de gas natural, así como das condicións de contratación e de apoderamento cos clientes.

ag) A creación de confusión na información e na presentación da marca e imaxe de marca das empresas distribuidoras e das empresas comercializadoras de referencia que formen parte dun grupo de sociedades que desenvolva actividades reguladas e libres nos termos previstos na presente lei, respecto da identidade propia das filiais do seu mesmo grupo que realicen actividades de comercialización.

ah) O incumprimento, por parte dos distribuidores ou dos comercializadores, das súas obrigas e dos requisitos que a normativa en vigor determine para exercer a actividade, a menos que expresamente se tipificase como moi grave ou como leve.

ai) O incumprimento por parte dos distribuidores ou dos comercializadores da súa obriga de poñer en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración pública.

aj) A realización, tanto polos titulares dos terreos afectados como por calquera outra persoa, de actos que impliquen un incumprimento das limitacións ao dominio establecidas ou unha invasión da servidume permanente de paso imposta para canalizacións de hidrocarburos, de acordo co disposto no artigo 107, número 4, letra b), que impidan ou dificulten o libre acceso do persoal e equipamentos necesarios para poder vixiar, manter, reparar ou renovar as instalacións.

En particular e sen carácter limitativo, consideraranse actos ilícitos a plantación de árbores na franxa de servidume permanente de paso, a construción de edificacións a unha distancia inferior á establecida sen contar coa autorización

prevista no artigo 107 desta lei, a retirada de fitos de sinalación e/ou tubos de ventilación ou a realización de calquera acto que poida afectar a seguridade das persoas ou das instalacións.

ak) Exercer a actividade de empresa instaladora de gas ou de instalador de gas sen a correspondente autorización administrativa ou carné de instalador de acordo coa normativa vixente.

al) A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou manifestación, de carácter non esencial, sobre o cumprimento dos requisitos exixidos sinalados na declaración responsable ou na comunicación achegada polos interesados.

am) O incumprimento da obriga de pagamento aos titulares dos terreos supraxacentes, por parte dos operadores de concesións de explotación obrigados a isto.

an) O incumprimento por parte dos operadores por xunto dos límites en relación co número de estacións de servizo e cos vínculos de subministración en exclusiva nos ámbitos xeográficos nos cales se superen as cotas de mercado establecidas legalmente.

añ) Calquera práctica dos operadores por xunto que vaia dirixida a determinar directa ou indirectamente o prezo de venda do combustible a estacións de servizo, cando non teña a consideración de moi grave.»

Tres. O artigo 111 queda redactado como segue:

«Artigo 111. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

a) O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a isto das súas obrigas en relación coa formalización dos contratos de subministración, cando non teña consideración de infracción grave ou moi grave.

b) O incumprimento das obrigas derivadas das normas de xestión técnica do sistema que non teña a consideración de infracción moi grave ou grave, de conformidade cos artigos 109 e 110, cando do dito incumprimento non derive prexuízo para o funcionamento do sistema gasista.

c) O incumprimento inxustificado dos prazos establecidos para as comunicacións cos comercializadores e clientes e para levar a cabo o cambio de subministrador, así como para realizar calquera modificación das condicións dos contratos.

d) O incumprimento por parte dos comercializadores dos requisitos de contratación e apoderamento cos clientes.

e) O incumprimento por parte dos comercializadores e distribuidores de calquera requisito de información exixible nas súas facturas.

f) A aplicación irregular de prezos, tarifas ou peaxes e canons dos regulados na presente lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo, cando non teña consideración de infracción grave ou moi grave.

g) A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presente á Administración pública, así como a súa non presentación en forma e prazo, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, que supoña un impacto nos custos do sistema que non exceda o 1 por cento da retribución regulada anual do suxeito.

h) O incumprimento das limitacións de uso establecidas nos terreos afectados pola construción de instalacións para a produción, transporte ou subministración de hidrocarburos.»

Catro. Engádesse un novo número 7 no artigo 113 coa seguinte redacción:

«7. Para os efectos desta lei considerárase que un incumprimento é reiterado cando dentro do ano inmediatamente anterior á súa comisión o suxeito fose sancionado mediante resolución firme en vía administrativa de acordo coa mesma infracción.»

Cinco. O artigo 114 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 114. *Multas coercitivas.*

Para asegurar o cumprimento das resolucións ou requirimentos de información que diten, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán impoñer multas coercitivas por importe diario de 100 ata 10.000 euros, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O importe das multas fixarase atendendo aos seguintes criterios:

- a) O perigo resultante da infracción para a vida e saúde das persoas, a seguridade das cousas e o ambiente.
- b) A importancia do dano ou deterioración causados.
- c) Os prexuízos producidos na continuidade e regularidade da subministración.
- d) Os prexuízos económicos causados.

As multas coercitivas serán independentes das sancións que se poidan impoñer e compatibles con elas.

O importe das multas coercitivas previstas nesta disposición ingresarase no Tesouro Público.»

Seis. O número 2 do artigo 115 queda redactado nos seguintes termos:

«2. O prazo máximo para resolver e notificar nos procedementos sancionadores para as infraccións administrativas tipificadas nesta lei será de dezaioito meses nos expedientes por infraccións moi graves e graves, e de nove meses cando se incoen por infraccións leves. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, o director xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía ou, cando así proceda, o órgano da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que teña atribuída esta competencia declarará a caducidade do procedemento e ordenará o arquivamento das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Sete. O artigo 116 queda redactado como segue:

«Artigo 116. *Competencias para impoñer sancións.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado a competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións corresponderá:

- a) Ao Consello de Ministros para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.
- b) Ao titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.
- c) Ao titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas da Secretaría de Estado de Enerxía para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.

2. No ámbito das comunidades autónomas aplicarase o previsto na súa propia normativa.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito das súas competencias, será competente para impoñer sancións pola comisión das infraccións administrativas seguintes:

a) As tipificadas como moi graves nas alíneas d), g), h), j), k), l), q), r), u), v), w), z), ab), ac), ae), af), ah), aq), ar), as), at), au), av), ax), ay), az) e ba) do artigo 109.

b) As tipificadas como graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar como moi graves e, en particular, as tipificadas nas alíneas c), d), f), k), l), m), n), o), p), s), t), u), v), w), ad), ae), af) e ag) do artigo 110.

c) As tipificadas como leves nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo 111.»

**Artigo 6.** *Outras modificacións na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a disposición adicional trixésimo segunda nos seguintes termos:

«Enagás, S.A. non poderá realizar, a través das filiais a que se refire a disposición adicional trixésimo primeira, actividades distintas da xestión técnica do sistema, do transporte e da xestión da rede de transporte. Da mesma forma estas filiais reguladas non poderán adquirir participacións nas sociedades con obxecto social distinto, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 65.ter da presente lei.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional trixésimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo cuarta. *Liquidez do mercado de gas.*

O Goberno e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo adoptarán, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións oportunas tendentes a garantir a liquidez do mercado de gas.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará anualmente un informe no cal se analice e se inclúan recomendacións en relación co nivel de liquidez, coa transparencia e co nivel de competencia do mercado organizado de gas. En caso de non haber operadores dispostos a xerar a dita liquidez de forma voluntaria no mercado ou se considerase que a súa achega é insuficiente, o Goberno poderá obrigar os comercializadores de gas natural que teñan a cualificación de operadores dominantes, de acordo co establecido na disposición adicional terceira do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, a presentar ofertas de compra e venda de gas, por un volume determinado, no citado mercado cun diferencial.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia propoñerá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para o produto considerado, unha metodoloxía para o cálculo do dito diferencial, así como para o volume que se vaia ofertar. Esta metodoloxía será aprobada por resolución da Secretaría de Estado de Enerxía.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional trixésimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Información de estacións de servizo.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 44 desta lei, a información do Rexistro de Instalacións de Distribución polo Miúdo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo completárase coa información prevista na Orde ITC/2308/2007, do 25 de xullo, pola

que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio sobre as actividades de subministración de produtos petrolíferos.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional trixésimo sexta co seguinte contido:

«Disposición adicional trixésimo sexta. *Liquidación definitiva.*

A liquidación definitiva dos ingresos e custos do sistema gasista de cada exercicio, a partir da correspondente ao ano 2015, deberá ser realizada con anterioridade ao día 1 de decembro do ano seguinte a aquel que corresponda.»

## TÍTULO II

### Medidas en relación coa exploración, investigación e produción de hidrocarburos

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

**Artigo 7.** *Incentivos para as comunidades autónomas e entidades locais en que se desenvolvan actividades de exploración, investigación e explotación de hidrocarburos.*

Os orzamentos xerais do Estado, de acordo coas dispoñibilidades financeiras existentes, establecerán dotacións destinadas ás comunidades autónomas e entidades locais en cuxos territorios se desenvolvan actividades de exploración, investigación e explotación de xacementos de hidrocarburos que constitúan o feito impositivo do imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e as tarifas terceira e cuarta do canon de superficie regulados na presente lei.

O importe, a distribución e os demais aspectos regularanse de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Artigo 8.** *Dispositivos de medición da extracción de hidrocarburos.*

1. Os concesionarios estarán obrigados á instalación de dispositivos de medición da extracción de hidrocarburos. A Administración pública poderá exixir o acceso en tempo real ás lecturas dos ditos dispositivos, que permitirán a telemedida.

Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse regular a localización, as características técnicas, operativas e loxísticas que deberán cumprir tales dispositivos, así como os requisitos que debe cumprir o rexistro das medicións efectuadas por estes.

2. Así mesmo, a Administración pública poderá proceder á toma de mostras e poderá exixir o establecemento de esquemas de análise sistemática das propiedades dos hidrocarburos extraídos que serán utilizados para determinar e actualizar os seus prezos de referencia, factores de conversión ou cantas outras finalidades resulten pertinentes para a correcta aplicación do disposto no presente título.

#### CAPÍTULO II

### Imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados

**Artigo 9.** *Natureza.*

O imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados é un tributo de carácter directo e natureza real que grava o valor dos produtos de dominio público gas, petróleo e condensados extraídos no ámbito de aplicación do imposto, unha vez realizado o primeiro tratamento de depuración e separación destes.

**Artigo 10.** *Ámbito obxectivo.*

Constitúe o ámbito obxectivo deste imposto os hidrocarburos líquidos e gasosos regulados na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

**Artigo 11.** *Ámbito territorial.*

1. O imposto aplicarase en todo o territorio español. Para estes efectos, enténdese incluído no territorio español o subsolo do mar territorial, zona económica exclusiva, plataforma continental e dos demais fondos mariños que estean baixo a soberanía nacional.

2. O disposto no punto anterior entenderase sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, nos territorios do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

**Artigo 12.** *Tratados e convenios.*

O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno, de conformidade co artigo 96 da Constitución española.

**Artigo 13.** *Feito imposable.*

1. Constitúe o feito imposable a extracción no territorio español de gas, petróleo e condensados, nas concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos ás cales fai referencia o título II da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. Respecto aos conceptos e termos con substantividade propia que aparecen neste capítulo, salvo os definidos nel, aplicarase o disposto na normativa do sector de hidrocarburos de carácter estatal.

**Artigo 14.** *Contribuíntes.*

Son contribuíntes do imposto as persoas xurídicas e entidades que realicen as actividades sinaladas no artigo anterior.

**Artigo 15.** *Base imposable.*

1. A base imposable do imposto estará constituída polo valor da extracción do gas, petróleo e condensados.

Entenderase por valor da extracción a suma do valor dos produtos incluídos no ámbito obxectivo do imposto que fosen extraídos durante o período impositivo unha vez realizado o primeiro tratamento de depuración e separación.

A cantidade de gas, petróleo e condensados determinarase atendendo ao volume medido nos dispositivos de medición da extracción de hidrocarburos a que fai referencia o artigo 8. Esta medición corresponderase co volume total en cabeza de pozo, minorado nas cantidades de auga, CO<sub>2</sub> e outras substancias alleas que sexan retiradas dentro do proceso de depuración e separación que sexa levado a cabo polo propio operador.

Para estes efectos, o valor da extracción calcularase aplicando ao prezo de referencia aprobado mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo o volume total de produto extraído. Este volume expresarase:

- a) Petróleo e condensados: en barrís de petróleo cuxa capacidade e condicións de medición se determinarán na citada orde.
- b) Gas natural: en metros cúbicos, medidos a cero graos centígrados de temperatura e un bar de presión.

O prezo de referencia de cada produto será o resultado de calcular a media aritmética dos prezos dos doce meses en cada período impositivo. Os ditos prezos mensuais



calcularanse tomando como referencia a cotización de cada produto nos mercados máis representativos.

Adicionalmente, na dita orde recolleranse os factores de conversión que resulten oportunos e aquelas particularidades que se consideren necesarias para a correcta aplicación do disposto neste artigo.

2. A base impositiva definida no punto anterior determinarase para cada concesión de explotación en que se realicen as actividades sinaladas no artigo 13.

**Artigo 16. Período impositivo e devindicación.**

1. O período impositivo coincidirá co ano natural, salvo no suposto de cesamento do exercicio da actividade da concesión de explotación; neste caso finalizará o día en que se entenda producido o dito cesamento.

2. O imposto devindicarase o último día do período impositivo.

**Artigo 17. Escala de gravame.**

1. Cando a produción sexa petróleo e condensados, o imposto exírbase de acordo coa seguinte escala de gravame:

Barrís extraídos en período impositivo	Tipo impositivo	
	Explotación en terra	Explotación mariña
Ata 365.000 .....	2 %	1 %
Desde 365.001 ata 3.650.000 ...	6 %	5 %
Máis de 3.650.000 .....	8 %	7 %

2. No caso do gas, o imposto exírbase de acordo coa seguinte escala de gravame:

Volume extraído período impositivo	Tipo impositivo		
	Explotación mariña	Explotación en terra	
		Convencional	Convencional
Ata 32.850.000 m <sup>3</sup> .....	1 %	3 %	1 %
De 32.850.000 ata 164.250.000 m <sup>3</sup> .....	3 %	4 %	3 %
Máis de 164.250.000 m <sup>3</sup> .....	4 %	5 %	4 %

Para estes efectos, entenderase como extracción non convencional aquela que require a aplicación previa de técnicas de fracturación hidráulica de alto volume, consistentes na inxección nun pozo de 1.000 m<sup>3</sup> ou máis de auga por fase de fracturación, ou de 10.000 m<sup>3</sup> ou máis de auga durante todo o proceso de fracturación e como convencional, aquela que se realiza mediante o uso das restantes técnicas.

**Artigo 18. Cota íntegra.**

A cota íntegra é a cantidade resultante de aplicar á base impositiva a escala de gravame establecida no artigo anterior.

**Artigo 19. Liquidación e pagamento.**

1. Os contribuíntes estarán obrigados a autoliquidar o imposto e ingresar a cota nos primeiros 20 días naturais do mes de abril do ano posterior ao da devindicación do imposto,

de acordo coas normas e modelos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

2. Dentro dos 20 primeiros días naturais do mes de outubro do ano da devindicación do imposto, os contribuíntes deberán efectuar un pagamento fraccionado á conta da liquidación correspondente ao período impositivo en curso, de acordo coas normas e modelos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

A base para calcular o pagamento fraccionado determinarase en función do valor da extracción durante os seis primeiros meses de cada ano natural, aplicando as normas establecidas no artigo 15 para determinar o dito valor e o prezo de referencia que, para estes efectos, se aprobe mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

O prezo de referencia de cada produto será o resultado de calcular a media aritmética dos prezos dos seis primeiros meses do ano. Estes prezos mensuais calcularanse tomando como referencia a cotización de cada produto nos mercados máis representativos.

A contía do pagamento fraccionado será o resultado de aplicar á base prevista no parágrafo anterior a correspondente escala de gravame recollida no artigo 17.

#### **Artigo 20. Infraccións e sancións.**

As infraccións tributarias relativas ao presente imposto serán cualificadas e sancionadas de conformidade co previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### CAPÍTULO III

#### Canon de superficie

#### **Artigo 21. Canon de superficie.**

1. O canon de superficie é unha taxa que grava os dereitos de utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público estatal de hidrocarburos con ocasión do outorgamento de determinadas autorizacións de exploración, dos permisos de investigación e das concesións de explotación regulados no título II da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, así como a ocupación de terreos, subsolo ou fondos mariños, para a perforación de sondaxes e a adquisición de datos sísmicos.

2. Estarán obrigados ao pagamento desta taxa como contribuíntes os titulares de autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación.

3. Este canon rexerese polo disposto nesta lei e polo establecido na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e demais normativa tributaria que sexa de aplicación.

4. No caso de titularidade de permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos, exixirase un canon por hectárea e ano de acordo coas tarifas primeira e segunda, segundo proceda:

Tarifa primeira: permisos de investigación		Euros/ha e ano
1. Durante a vixencia do permiso . . . . .		0,07631
2. Durante cada prórroga . . . . .		0,15262
Tarifa segunda: concesións de explotación		Euros/ha e ano
1. Durante os cinco primeiros anos . . . . .		1,907752
2. Durante os seguintes cinco anos . . . . .		5,341706
3. Durante os seguintes cinco anos . . . . .		14,117364
4. Durante os seguintes cinco anos . . . . .		17,551318
5. Durante os seguintes cinco anos . . . . .		14,117364
6. Durante os seguintes cinco anos . . . . .		7,249458
7. Durante as prórrogas . . . . .		5,341706

5. Os canons de superficie correspondentes ás tarifas primeira e segunda especificados anteriormente devindicaranse a favor do titular do dominio público estatal, o día primeiro de xaneiro de cada ano natural, en canto a todos os permisos ou concesións existentes nesa data, e deberán ser satisfeitos durante o primeiro trimestre do ano.

6. Cando os permisos de investigación ou concesións de explotación se outorguen despois do primeiro de xaneiro, no ano do outorgamento aboarase como canon a parte das cotas anuais que proporcionalmente corresponda ao tempo que medie desde a data do outorgamento ata o final do ano natural. Nestes casos, o canon devindicarase o día do outorgamento do permiso ou concesión e deberá ser satisfeito no prazo de 90 días, contados desde esta data.

7. Seguirase o mesmo criterio nos casos de extinción dos permisos de investigación ou das concesións de explotación e deberá pagarse o canon que corresponda aos días efectivos de vixencia no dito ano natural.

8. A perforación de sondaxes de investigación ou explotación estará suxeita ao pagamento do canon de acordo coa tarifa terceira:

Tarifa terceira: perforación de sondaxes en permisos de investigación e concesións de explotación	Euros/sondaxe
1. Sondaxe terrestre . . . . .	125.000
2. Sondaxe mariña . . . . .	600.000

9. A adquisición de datos sísmicos mediante autorizacións de exploración ou ben en permisos de investigación ou concesións de explotación estará suxeita ao pagamento do canon de acordo coa tarifa cuarta:

Tarifa cuarta: adquisición de campañas sísmicas en autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación	Importe
1. Campaña sísmica 2D (€/m) . . . . .	0,3000
2. Campaña sísmica 3D (€/m <sup>2</sup> ) . . . . .	0,0003

10. Os canons das tarifa terceira e cuarta devindicaranse cando comecen os traballos destinados á campaña sísmica ou á perforación da sondaxe que, salvo proba en contrario, se presumirán comezados no momento da emisión do último dos actos de control municipal preceptivo, cando este se sitúe en territorio nacional, ou á emisión da autorización administrativa sectorial, se se asenta en subsolo do mar territorial, zona económica exclusiva, plataforma continental e nos demais fondos mariños que estean baixo a soberanía nacional.

Para estes efectos, non se considerará que se estea perforando unha nova sondaxe:

a) Cando se perforen unha ou varias sondaxes novas nunha localización terrestre onde se perforase unha sondaxe que devindicase a taxa durante os dous anos anteriores.

Entenderase por localización terrestre a superficie do terreo, delimitada de forma claramente identificable, tanto nos proxectos técnicos como *in situ*, mediante peche que non permita o acceso do público xeral, na cal se realizaron traballos de acondicionamento e construción de obra civil para a posterior instalación dunha torre de perforación e o restante equipamento auxiliar e de apoio, para a perforación dunha sondaxe e o seu posterior abandono temporal ou definitivo.

b) Cando a perforación consista nunha reentrada nunha sondaxe previamente perforada para a súa reprofundización ou perforación de novas sondaxes desviadas a partir dalgún punto da traxectoria do primeira.

c) Cando as sondaxes teñan unha finalidade diferente á de investigación ou explotación, como é o caso das sondaxes de toma de testemuñas, de reinxección de fluídos, de monitorización ou outros.

11. A xestión e recadación das taxas será efectuada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Habilitase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para establecer o lugar e a forma de pagamento desta taxa.

#### CAPÍTULO IV

#### Pagamentos aos propietarios

**Artigo 22.** *Pagamentos aos propietarios dos terreos supraxacentes.*

1. Os titulares de concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos, salvo os de almacenamentos subterráneos, estarán obrigados ao pagamento dunha cantidade anual aos propietarios dos terreos supraxacentes comprendidos dentro do perímetro de referencia, de acordo co establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e demais normativa de aplicación.

Esta obriga establecerase no real decreto de outorgamento da concesión de explotación a que se refire o artigo 25.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. O importe anual que se debe aboar a cada propietario obterase da aplicación da seguinte fórmula:

$$Q_i = Q_T \times \frac{S_i}{S_T}$$

Onde,

a)  $Q_i$  é o importe que se lle aboará anualmente ao propietario «i», entendendo como tal o que tivese a propiedade en 31 de decembro do ano de referencia, así como aqueloutros que, sen teren tal condición, fosen expropiados polos titulares da concesión para a construción da localización e das súas instalacións inmediatamente afectas; dentro destas, non se considerarán incluídas obras lineais como gasodutos ou liñas eléctricas.

b)  $Q_T$  é o 1 por cento do valor monetario da cantidade de hidrocarburos extraído que se obterá da aplicación dos criterios do capítulo II do título II.

c)  $S_i$  é a superficie da parcela titularidade do propietario «i» e efectivamente incluída dentro do perímetro de referencia.

d)  $S_T$  é a superficie total comprendida dentro do perímetro de referencia segundo se defina en cada concesión de explotación.

3. No procedemento de outorgamento da concesión de explotación determinarase os propietarios dos terreos supraxacentes beneficiarios deste pagamento. Para estes efectos, a Administración xeral do Estado dirixirase ao órgano competente en materia de xestión catastral, que lle subministrará os datos relevantes correspondentes aos ditos propietarios que terán a consideración de interesados no referido procedemento.

Outorgada a concesión aos seus titulares, dirixiranse aos propietarios requiríndolles os datos relevantes para a efectividade do pagamento.

4. O cálculo da cantidade de hidrocarburo extraída no ano natural correspondente determinarase en aplicación do disposto no artigo 15.

As cantidades que resulten da aplicación da fórmula do ordinal segundo serán aboadas polo operador aos propietarios correspondentes antes do 1 de xuño do ano natural de referencia. Previamente, aquel informaraos individualizadamente, polo menos, sobre o importe do pagamento que se vai realizar, as bases de cálculo do importe que lles corresponda de forma transparente e facilmente comprensible, así como sobre a existencia do procedemento a que fai referencia o número 6.

As cantidades que non puidesen ser aboadas no prazo correspondente consignaranse na caixa xeral de depósitos ata o seu aboamento definitivo ao propietario correspondente ou, se é o caso, transferencia ao Tesouro ao se extinguir a concesión de explotación.

5. Sen prexuízo do establecido nas disposicións sobre réxime sancionador que poidan corresponder, a falta de pagamento dos pagamentos a que fai referencia este artigo considerárase incumprimento das condicións de outorgamento e poderá dar lugar á extinción da concesión de explotación.

6. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, o propietario poderá renunciar a este dereito notificándollo ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

7. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditaranse as disposicións necesarias para a determinación dos perímetros de referencia que serán de aplicación para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes.

#### **Disposición adicional primeira.**

Todas as disposicións incluídas nesta lei referidas ao Operador do Mercado Ibérico (Portugal), SGPS, S.A. ou ao xestor técnico do sistema gasista portugués quedarán condicionadas ao que se dispoña nun convenio ou acordo internacional ou á adopción pola República de Portugal da normativa que permita a súa aplicación a estas entidades.

#### **Disposición adicional segunda.** *Pagamentos pendentes de almacenamentos subterráneos.*

No caso de almacenamentos subterráneos de carácter básico que se inclúan no réxime retributivo durante o ano 2015, as cantidades pendentes de recoñecer, devindicadas durante o período comprendido entre a data de posta en servizo provisional e o 31 de decembro de 2014, incluíranse na liquidación definitiva do exercicio 2014.

#### **Disposición adicional terceira.** *Eficacia do artigo 8 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e os ingresos dos sectores eléctrico e gasista.*

Queda sen efecto o establecido no artigo 8 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e os ingresos dos sectores eléctrico e gasista.

#### **Disposición adicional cuarta.** *Contratos en exclusiva dos operadores por xunto.*

1. Os operadores por xunto de produtos petrolíferos cunha cota de mercado superior ao 30 por cento non poderán incrementar o número de instalacións en réxime de propiedade ou en virtude de calquera outro título que lles confira a xestión directa ou indirecta da instalación, nin subscribir novos contratos de distribución en exclusiva con distribuidores polo miúdo que se dediquen á explotación da instalación para a subministración de combustibles e carburantes a vehículos, con independencia de quen teña a titularidade ou dereito real sobre ela.

Non obstante o anterior, poderanse renovar no momento da súa expiración os contratos preexistentes aínda que con isto se supere a cota de mercado anteriormente expresada.

Así mesmo, os operadores por xunto de produtos petrolíferos cunha cota de mercado superior ao 30 por cento na dita provincia ou ámbito territorial non poderán adquirir en réxime de propiedade nin explotar novas instalacións cando isto supoña un incremento da súa cota de mercado en función das vendas anuais do exercicio anterior, independentemente de que non se aumente o número de instalacións en réxime de propiedade ou en virtude de calquera outro título que lles confira a xestión directa ou indirecta da instalación.

2. Para os efectos de computar a porcentaxe de cota de mercado anterior terase en conta o seguinte:

a) As vendas anuais do exercicio anterior das instalacións para subministración a vehículos incluídas na rede de distribución do operador por xunto ou operadores do mesmo grupo empresarial, contidas en cada provincia. No caso dos territorios extrapeninsulares, o cómputo farase para cada illa e para Ceuta e Melilla de maneira independente.

b) Consideraranse integrantes da mesma rede de distribución todas as instalacións que o operador principal teña en réxime de propiedade, tanto nos casos de explotación directa como en caso de cesión a terceiros por calquera título, así como aqueles casos en que o operador por xunto teña subscritos contratos de subministración en exclusiva co titular da instalación.

c) Entenderase que forman parte da mesma rede de distribución todas aquelas instalacións de subministración a vehículos cuxa titularidade, segundo o disposto no punto anterior, corresponda a unha entidade que forma parte dun mesmo grupo, de acordo co disposto no artigo 42 do Código de comercio.

3. Por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas determinarase anualmente a listaxe de operadores por xunto de produtos petrolíferos cunha cota de mercado superior á porcentaxe establecida. Esta resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

4. No prazo de tres anos, ou cando a evolución do mercado e a estrutura empresarial do sector o aconsellen, o Goberno poderá revisar a porcentaxe sinalada no número 1 ou acordar o levantamento da prohibición imposta nesta disposición.

**Disposición transitoria primeira.** *Mandato para a constitución do operador do mercado.*

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor da presente lei, o Operador del Mercado Ibérico de Energía, Polo Español, S.A., promoverá a adaptación da sociedade mercantil MIBGAS, S.A. aos criterios establecidos no artigo 65 ter da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

No caso de que non se cubra o total das participacións previstas de acordo cos criterios establecidos no citado artigo, o Operador del Mercado Ibérico de Energía, Polo Español, S.A., ampliará temporalmente a súa participación ata dar cobertura ao 100 por cento do capital.

2. O operador do mercado organizado de gas deberá estar en operación nun prazo máximo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei.

**Disposición transitoria segunda.** *Financiamento do operador do mercado.*

1. Ata que por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo se determine que se alcanzaron as condicións suficientes de liquidez no mercado organizado de gas, incluírase entre os custos do sistema gasista a que fai referencia o artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, a parte correspondente da retribución do operador do mercado.

Durante este período transitorio a retribución do operador do mercado será fixada por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei o operador do mercado organizado de gas remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha proposta de retribución, así como de regras de operación do mercado.

2. No prazo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha proposta de metodoloxía de retribución do operador do mercado.

**Disposición transitoria terceira.** *Pagamento a propietarios.*

O disposto no capítulo IV do título II será de aplicación ás concesións de explotación que se outorguen a partir da entrada en vigor da presente lei.

**Disposición transitoria cuarta.** *Funcións e competencias en materia sancionadora cuxo exercicio se mantén transitoriamente na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

Sen prexuízo das modificacións introducidas por esta lei no título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, de conformidade co establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia seguirá desempeñando as funcións a que se fai referencia na disposición adicional oitava.2 e 3 da dita Lei 3/2013, do 4 de xuño, e na disposición adicional terceira.2 do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

**Disposición transitoria quinta.** *Réxime transitorio de determinadas modificacións.*

1. Mentres non se desenvolvan regulamentariamente os termos e as condicións para as conexións entre as redes de transporte e distribución de gas natural, non lles serán de aplicación as modificacións introducidas no artigo 73.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, polo número oito do artigo 2 da presente lei.

2. As modificacións introducidas no artigo 91.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, non serán de aplicación ás instalacións de conexión de xacementos de gas natural coa rede de transporte que no momento da entrada en vigor da presente disposición dispoñan de autorización administrativa de execución das instalacións.

**Disposición transitoria sexta.** *Réxime do silencio administrativo e das notificacións.*

As modificacións introducidas pola presente lei no artigo 35 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, serán de aplicación aos procedementos en curso no momento da entrada en vigor da presente lei.

**Disposición transitoria sétima.** *Contratos en exclusiva dos operadores por xunto.*

O establecido na disposición adicional cuarta desta lei sobre contratos en exclusiva dos operadores por xunto será de aplicación a partir do 1 de xullo de 2016, e ata ese momento rexerá o previsto na disposición transitoria quinta da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

**Disposición transitoria oitava.** *Mantemento das condicións en materia de eficiencia para o ano 2015.*

As modificacións introducidas no artigo 71.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2016.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto na presente lei.

En particular, e con efectos desde o 1 de xullo de 2016, queda derogada a disposición transitoria quinta da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.*

O primeiro parágrafo do artigo 5 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, queda modificado nos seguintes termos:

«Os titulares das instalacións de distribución polo miúdo de hidrocarburos a vehículos deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas coa periodicidade que se estableza e, en todo caso, cando exista unha modificación de prezos, os datos sobre os produtos ofrecidos, así como o seu prezo, volume de venda e marca, en caso de abandeiramento.»

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista.*

O número 1 do artigo 14 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, pasa a ter a seguinte redacción:

«1. No caso dos almacenamentos subterráneos, a retribución por custos de investimento e por custos de operación e mantemento devindicárase desde o día seguinte ao da posta en servizo comercial da instalación que se trate. Para o ano de posta en servizo, os custos de investimento calcularanse rateando polo número de días durante os cales o elemento de inmovilizado «i» estivese en servizo.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O penúltimo parágrafo do artigo 4.4 queda redactado como segue:

«O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, por proposta do operador do sistema e logo do informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poderá aprobar as adaptacións de carácter técnico necesarias para a realización dos plans de desenvolvemento incluídos na planificación eléctrica.»

Dous. O artigo 15.3 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Regulamentariamente o Goberno establecerá os termos en que, excepcionalmente e con carácter temporal, se poderá autorizar o sobrecusto asumido con cargo aos ingresos do sistema eléctrico derivado dos cambios de combustible nas instalacións de produción dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, que non se xustifiquen por razóns técnicas e que sexan imprescindibles para garantir a subministración nesos territorios.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

Un. O número 2 do artigo 65 queda redactado como segue:



«2. Con efectos na retribución que se percibirá desde a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e durante o primeiro período regulatorio, a taxa de retribución dos activos de transporte, regasificación, almacenamento básico con dereito a retribución a cargo do sistema gasista será a media do rendemento das obrigas do Estado a dez anos no mercado secundario entre titulares de contas non segregados dos vinte e catro meses anteriores á entrada en vigor do citado real decreto lei, incrementada cun diferencial que tomará o valor de 50 puntos básicos.»

Dous. O número 2 do artigo 69 queda redactado nos seguintes termos:

«2. O período de duración do sistema nacional de obrigas de eficiencia enerxética comprenderá desde a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, ata o 31 de decembro de 2020.»

Tres. O terceiro parágrafo do número 5 do artigo 75 pasa a ter a seguinte redacción:

«As variacións que deriven dos datos subministrados relativos aos suxeitos obrigados, porcentaxes, vendas e demais variables, e os fixados conforme o número 2 deste artigo, poderán terse en conta, en sentido positivo ou negativo, para determinar a contía correspondente para cada suxeito obrigado no ano 2015 ou para recoñecer os dereitos de cobramento que, se é o caso, correspondan.»

Catro. Modifícase o cuarto parágrafo do número 1 do artigo 70 e engádese un parágrafo novo, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. (...)  
(...)  
(...)»

En caso de que un suxeito obrigado cause baixa como comercializador ou operador por xunto no ano de cumprimento da obriga, será considerado suxeito obrigado, para os efectos da presente lei, pola parte proporcional do período anual de obriga que corresponda ata o último día do trimestre en que cause a dita baixa. Para estes efectos, o suxeito obrigado deberá acreditar ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a súa baixa na actividade, quen o comunicará ao órgano xestor do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética.

Para determinar a contía correspondente para cada suxeito obrigado incluíranse os axustes, en sentido positivo ou negativo, que deriven dos datos subministrados relativos aos suxeitos obrigados, porcentaxes, vendas e demais variables, e os fixados na correspondente orde ministerial do ano anterior para o cal se establece a obriga.»

Cinco. O número 2 do artigo 70 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para estes efectos, os suxeitos obrigados deberán remitir anualmente, antes do 30 de setembro, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas os datos de vendas de enerxía correspondentes ao ano anterior, expresados en GWh.

Así mesmo, e para establecer e comprobar a obriga de aforro anual dos suxeitos obrigados terase en conta a información facilitada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, entre outros organismos.

En caso de que un suxeito obrigado non remita a información no prazo establecido e non se dispoña de información que permita subvir tal omisión, asignaráselle como obriga de aforro, á marxe da repartición do obxectivo anual, a que lle fose asignada na última orde ministerial en que aparece o dito suxeito obrigado, incrementada nun 10 por cento.

No caso de que nunca lle fose asignada unha obriga de aforro, asignaráselle como tal, igualmente á marxe da repartición do obxectivo anual, o resultado de dividir o importe económico equivalente á obriga de aforro do ano anterior entre o número de suxeitos obrigados do sector a que pertence o citado suxeito nese ano, e todo isto multiplicado pola cota correspondente do dito sector sobre o obxectivo de aforro anual do ano anterior.

Para estes efectos, entenderase por:

a) Sector de actividade: os comercializadores de gas, de electricidade, operadores por xunto de produtos petrolíferos, e operadores por xunto de gases licuados do petróleo.

b) Importe económico equivalente á obriga de aforro: resultado de multiplicar o obxectivo de aforro anual pola correspondente equivalencia financeira.

c) Cota correspondente dun sector sobre o obxectivo de aforro anual: o resultado de dividir o volume de vendas de enerxía final correspondentes ao dito sector entre o volume de vendas de enerxía final do conxunto de todos os sectores obrigados.

As cantidades así asignadas por defecto teranse en conta á hora de realizar a repartición do obxectivo de aforro do ano seguinte entre todos os suxeitos obrigados.

O anterior entenderase sen prexuízo do réxime sancionador aplicable e dos axustes que correspondan no ano seguinte.»

Seis. O número 1 do artigo 71 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para facer efectivo o cumprimento das obrigas anuais de aforro enerxético, os suxeitos obrigados deberán realizar unha contribución financeira anual ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética a que se refire o artigo seguinte, polo importe resultante de multiplicar a súa obriga de aforro anual pola equivalencia financeira que se estableza.

Esta obriga financeira deberase ingresar por trimestres completos en catro partes iguais, e isto non máis tarde do 31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro de cada ano.

Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo determinarase a equivalencia financeira con base no custo medio estimado para mobilizar os investimentos en todos os sectores de actuacións necesarias para alcanzar o obxectivo anual de aforro.»

Sete. Modifícase o artigo 84, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 84. *Competencia para iniciar, instruír e resolver.*

1. A iniciación e a instrución dos procedementos sancionadores derivados das infraccións administrativas tipificadas no ámbito do sistema nacional de obrigas de eficiencia enerxética así como o arquivamento, tras a súa resolución, das actuacións realizadas corresponderá ao órgano da dirección xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía.

2. A competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións no ámbito do sistema nacional de obrigas de eficiencia enerxética corresponderá:

a) Ao Consello de Ministros para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

b) Ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.

c) Ao secretario de Estado de Enerxía para a imposición de sancións leves.»

**Disposición derradeira quinta.** *Carácter da lei.*

A presente lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución.

Así mesmo, o capítulo II do título II dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

**Disposición derradeira sexta.** *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Habílanse o Goberno e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

**Disposición derradeira sétima.** *Habilitacións á lei de orzamentos xerais do Estado.*

A lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar, de conformidade co previsto no artigo 134.7 da Constitución española, as contías do canon, os tipos impositivos e os pagamentos á conta que se establecen nesta lei.

**Disposición derradeira oitava.** *Entrada en vigor.*

1. A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o anterior, o disposto no título II, salvo o capítulo III, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de maio de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY